

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **9 de decembro de 2021**

Ás 18.30 horas do día 9 de decembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

**Deputados de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Margarita Pérez Fernández (substituída por dona Elvira Lama Fernández).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE NOVIEMBRE DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de novembro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 18 de novembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** indica que quedaron unha serie de preguntas sen contestar da pasada comisión, polo que procede a facelo.

Respecto da petición de información do deputado Álvaro Vila do PSOE sobre o anteproxecto do gran hotel termal, indica que xa foi respondida por escrito na data 25 de novembro.

Respecto ás preguntas formuladas polo BNG nesa anterior reunión da comisión, indica que O *Plan Estratéxico de Termalismo de Ourense*, aprobado en 2007, e o *Plan Ourense Provincia Termal*, aprobado en 2014, xa expoñían a necesidade de contar cun hotel balneario na cidade. Por distintos motivos non foi posible levar a cabo esta actuación, polo que a presente iniciativa ven resolver o gran reto da provincia: ter un hotel balneario na Capital Termal de Galicia. Unha vez confirmada a presenza, calidade e cantidade de auga termal, o anteproxecto analiza a viabilidade da súa rehabilitación para tal fin. Engade que o anteproxecto valora a situación urbanística do inmovible. O nivel de protección estrutural non atinxe a todo o edificio. O PERI de Ourense establece: *“O grado de protección estrutural afecta unicamente á planta do edificio orixinal, en forma de L, conformada polas R/Progreso e Cruz Vermella, ao resto da planta non se lle asigna protección estrutural. Inclúese en protección estrutural a escalinata de entrada en todo o seu volume. Poderán ser substituídos os forxados de madeira.”* En segundo lugar, o feito de que se remodele, está permitido dentro do Nivel II de protección estrutural, que di: *“En este nivel se inclúen los edificios de interés histórico o arquitectónico, de los cuales interesa conservar la totalidad o algunos de sus elementos (tipología, configuración general, estructura, patios interiores, escaleras, fachadas, etc). Cualquier demolición parcial a realizar, será convenientemente informada por Técnico Municipal y se hará constar su autorización en la licencia de obra. Queda expresamente prohibido la demolición total de la edificación. Para desmontajes parciales de fachada o cualquier otro elemento interior sujeto a Conservación, será objeto de proyecto conforme con lo indicado para conservación de fachada.* Continuando coas obras permitidas baixo este

nivel de protección, teríamos: *“En este nivel se permitirán únicamente obras de rehabilitación y reestructuración de cubiertas, que habrán de adaptarse a las condiciones especificadas en la ficha particular del edificio. El proyecto de obras deberá definir con todo detalle los elementos que serán objeto de sustitución, y su estado de conservación, mediante la suficiente documentación gráfica, siendo obligatoria la presentación de fotografías en color de cada elemento constructivo o decorativo, interior o exterior que se pretenda sustituir.”* Todas as anteriores condicións urbanísticas cúmpreas o anteproxecto presentado. Non entendemos porque se está a relacionar o nivel de protección cun Plan Especial. No momento no que se realizou o anteproxecto a figura que ordenaba esta mazá era unha Modificación Puntual das UE-8 e UE-13 do antedito PERI de Ourense, que foron aprobadas no ano 2005 e no momento de redacción do Anteproxecto estábanse a executar as obras no interior da mazá.

Con respecto á terceira cuestión indica que varios investidores privados e cadeas internacionais especializadas en xestión de hoteis con balnearios mostraron interese.

Con respecto á cuarta pregunta sinala que este documento desenvólvese a nivel de anteproxecto para acompañar a tramitación do expediente de declaración das augas termais e para estudar a viabilidade do uso aloxativo respectando a estrutura do edificio existente, presentando un resultado de espazos de habitación con distintas variantes, termais, e de reunións acorde á normativa vixente, e comparable a outros casos nacionais e internacionais que o documento analiza. En fases posteriores de proxecto, e a partir deste documento técnico, poderanse levar a cabo outros estudos de viabilidade económica. E con respecto á quinta cuestión hai varias localizacións posibles, con xestións avanzadas, dependendo a súa concreción dos tempos que marquen os procedementos administrativos que leva aparelados a conversión do Pazo Provincial en instalación balnearia.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, pide que as respostas que acaba de ler a presidenta da comisión lle sexan trasladadas por escrito.

Seguidamente pregunta se é certo que o caudal de augas termais que permitiría o Hotel Balneario no Pazo Provincial se estima en 3 litros por segundo, como se recolle na prensa, xa que lembra que cando se desbotou unha iniciativa similar no antigo cárcere, unha das razóns fora que o caudal era de 2,5 litros por segundo e daquela estimárase insuficiente.

**A presidenta** indica que conseguirá información sobre esta cuestión.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista,** pregunta cal é a razón de que a estas alturas do ano e coas condicións meteorolóxicas actuais a estación de inverno de Manzaneda aínda non estea aberta.

A **presidenta** indica que non pode dar resposta a esta cuestión neste intre, polo que conseguirá información.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** indica que tivo coñecemento pola prensa dun convenio asinado entre o INORDE e a Xunta para accións de promoción da chegada do AVE a Ourense, polo que pide que se lles traslade copia del.

A **presidenta** indica que procede a dar traslado desta petición.

E, ás 18.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.